

## MELLORA DA CONEXIÓN INTERMODAL EN PONTEVEDRA.



A mellora da conexión intermodal en Pontevedra é unha operación promovida pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade a través da Dirección Xeral de Mobilidade e **cofinanciada pola Unión Europea, no marco do Programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020**, dentro do obxectivo temático OT4 "Conseguir unha economía máis limpa e sostible".

A actuación consiste no desenvolvemento das accións necesarias para acadar a completa intermodalidade entre as estacións de autobús e de tren en Pontevedra, en especial as obras necesarias para a conexión entre ambas terminais que permitan un enlace directo e accesible aos viaxeiros.

O 2 de agosto de 2017 asinouse entre a Xunta de Galicia e o Concello de Pontevedra o Convenio de colaboración para o desenvolvemento da futura Estación Intermodal de Pontevedra.

Os obxectivos perseguidos con esta actuación son:

- Mellorar a calidade ambiental ao potenciar o uso do transporte público en detrimento do vehículo privado e facilitar unha mobilidade urbana sostible
- Incrementar os usuarios do transporte público.



### **Actuacións desenvolvidas no marco desta operación:**

En novembro de 2016, a Dirección Xeral de Mobilidade redactou o Estudo de alternativas de mellora da intermodalidade entre o transporte de viaxeiros en ferrocarril e en autobús interurbano e metropolitano na cidade de Pontevedra.

O obxecto deste estudo era realizar unha avaliación inicial, por unha banda, da situación actual do transporte interurbano e das futuras demandas que xerará a futura estación intermodal.

A partir deste estudo, a Xunta de Galicia, no marco desta operación **cofinanciada nun 80% con fondos europeos do programa operativo FEDER Galicia 2014-2020** executou os seguintes contratos:

- Contrato de servizo para a redacción do proxecto de execución para a intermodalidade do conxunto formado polas actuais estacións de autobús e de ferrocarril de Pontevedra.
- Contrato de obra para a adecuación da terminal intermodalidade do conxunto formado polas actuais estacións de autobús e de ferrocarril de Pontevedra.
- Contrato de servizo de dirección de obra.
- Contrato de servizo de dirección de execución de obra e coordinación de seguridade e saúde.

Ademais, unido a esta adecuación da intermodalidade, a Xunta de Galicia iniciou en decembro de 2019 as obras de reforma da actual estación de autobuses. mellora das instalacións redunda na mellora da comodidade do viaxeiro e iso tradúcese na mellora da percepción do transporte público e nunha potenciación do seu uso.



As obras para adecuación da intermodalidade se iniciaron en xaneiro de 2020 estando prevista a súa finalización para principios do ano 2022.

As obras da reforma da estación de autobuses ten prevista a súa finalización no segundo trimestre de 2022.

O custo total das actuación está próximo aos **6,9 M€**, dos que a **Xunta de Galicia** achega **5,9 M€**, dos cales **2,1 M€** proceden dos fondos FEDER Galicia 14-20.